



UNIÓN EUROPEA
D.X. Investigación
Unidade de Tecnoloxías
do Medio Ambiente



Universidades e Centros de Investigación do Consorcio



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universitatea de Vest
din Timișoara



university of
groningen



SAPIENZA
UNIVERSITÀ DI ROMA



The James
Hutton
Institute



UNIVERSITY OF
SURREY

Para máis información, por favor, contacta có Coordinador Xeral:

Ricardo García Mira

Grupo de Investigación Perso-Ambiente

Universidade da Coruña, Departamento de Psicoloxía

Campus de Elvina, s/n - 15071 – A Coruña, España

Tf.: +34 981167000 ext. 1792 / Fax: +34 981167153

Email: ricardo.garcia.mira@udc.es / Web : www.udc.es/dep/ps/grupo

Reducindo Emisións no Traballo

Modelado de Axentes e Organizacións para
acadar unha Europa Baixa en Carbono



O Proxecto LOCAW supón unha resposta á convocatoria ENV -2010-4.2.3.1 “Previsión para intensificar cambios de conducta e sociais, activando a transición cara a traxectorias sustentables en Europa”, e leva a cabo “unha análise das barreiras e dos facilitadores para implicarse individualmente (tendo en conta a diversidade de estilos de vida) a nivel de organizacións de individuos, e colectivamente (organización da sociedade e da economía)” en traxectorias sustentables e baixas en carbono, así como para contribuír ao “desenvolvemento de escenarios e exercicios de back-casting que identifiquen potenciais traxectorias de implicación en esforzos integrados para apoiar a transición cara a unha Europa más sustentable”.



LOW CARBON AT WORK
LOCAW
www.locaw-fp7.com

Reducindo Emisións no Traballo (LOCAW)

LOCAW realiza unha análise das prácticas cotiás no lugar de traballo, así como dos factores que promoven ou obstaculizan a transición cara a patróns sustentables de producción e consumo. LOCAW examina sete grandes organizacións en seis países diferentes, tanto do sector público como privado, e tanto de sectores da industria pesada como da máis ligeira.

Quen está implicado en LOCAW?

En LOCAW participan sete organismos de investigación da Unión Europea: Universidade da Coruña-España (Coordinadora); Universidade de Umea-Suecia; Universidade do Oeste de Timisoara-Romanía; Universidade de Surrey-Reino Unido; Instituto James Hutton-Reino Unido; Universidade de Groningen-Holanda e Universidade de Roma "La Sapienza"-Italia. A investigación está financiada polo 7º Programa Marco de I+D da Unión Europea, ENV.2010.4.3.4-1, Convenio 265155, e o seu orzamento ascende a 1,9M €, distribuído entre estas Universidades.



Cuestiós a abordar en LOCAW

- Como actúan as condutas e prácticas no traballo para seren barreiras ou condutores de hábitos más sustentables no nivel individual, de organización ou social?
- Como é que funcionan as normas ambientais europeas na práctica?
- Como inflúen as demandas do mercado e as presións dos grupos sociais na xestión das prácticas cotiás no traballo?
- Como fan as organizacións para crear barreiras ou potenciar a implicación individual en prácticas sustentables no marco das actuais políticas ambientais da UE?
- Na práctica, como conectan as persoas un área da súa vida coa outra e que impacto ten isto sobre as súas identidades, roles e comportamentos cotiás relacionados coa sustentabilidade?
- Que conflitos e barreiras aparecen para a cooperación entre os responsables políticos, empresariais e as organizacións sociais na implementación de prácticas sustentables no traballo?
- Que exemplos existen sobre boas prácticas de sustentabilidade no traballo e en qué condicións xurden?

Obxectivo

En primeiro lugar, o proxecto analizará a conduta (in)sustentable no lugar de traballo, facendo fíncapse nos factores que determinan esta conduta nas 6 organizacións obxecto de estudo. As conclusiones utilizaranse como input para o deseño de modelos baseados en axentes, modelos que perseguen clarificar as interaccións entre actores relevantes, e proporcionar ideas sobre as condicións necesarias para transitar a unha Europa máis baixa en carbono. Aínda que a énfase do proxecto faise sobre a conduta no traballo, analízanse tamén as conexións entre as prácticas no traballo e outras árees da vida. O deseño dos modelos consideráse un input para a xeración de escenarios back-casting creados polas organizacións estudiadas. Isto permite a realización de mellores predicións e de descripcións detalladas sobre como promover condicións de sustentabilidade no traballo.

O cotiá como obxeto de investigación

LOCAW estuda as rutinas e rituais da vida cotiá, definidos como prácticas assumidas como obvias que se repiten continuamente.

É un dos primeiros estudos que examina explicitamente as prácticas e condutas sustentables no lugar de traballo en diferentes países da Unión Europea e en distintos tipos de organizacións.

A interacción entre o interese, a conciencia e a acción pública

Aínda que cremos que o cambio climático está recoñecido universalmente como unha realidade preocupante, incluso en Europa existen variacións no xeito de concibilo e debatelo. Aínda que existe preocupación, non sempre se traduce en accións. A isto refírense os expertos ambientais e os políticos coma o "Gap Valor-Acción". Esta fenda pode ser resultado da necesidade de proporcionar información máis clara e simple. Noutros casos, a preocupación ambiental pode non traducirse en accións específicas debido ao alto custo (en tempo, esforzos ou cartos) de tales accións. Así mesmo, pode deberse a que a xente atopa o cambio coma algo ameazante – para eles mesmos, as súas familias, os seus traballo, ou os seus estilos de vida. LOCAW opta por unha perspectiva distinta e céntrase nas prácticas cotiás no lugar de traballo, e na interacción de barreiras e facilitadores de conduta sustentable a diferentes niveis: estrutural, de organización e individual.



Factores estruturais que inflúen na conduta sustentable

Obsérvase que as organizacións carecen ás veces dun entendemento claro das complexidades da sustentabilidade. Isto, con frecuencia, débese a deficiencias na xestión da comunicación e a información, á carencia de formación apropriada, ou ao fracaso na visión de que as prácticas de sustentabilidade poden ser rendibles. Esta investigación céntrase na identificación das boas prácticas e oportunidades para xestores, para a intensificación de prácticas sustentables entre os traballadores, examinando se a implicación corporativa coa sustentabilidade promove condutas proambientais no lugar de traballo, e suxerindo a necesidade de introducir valores de sustentabilidade dentro da lóxica interna de producción e dos procesos de adopción de decisións.



Factores individuais que inflúen na conduta sustentable

LOCAW estuda factores sociais e individuais, como:

- a) **Coñecemento** — prognostica moitas condutas proambientais.
- b) **Motivación** — importante para o entendemento das intencións e a vontade para actuar de xeito responsable.
- c) **Capacidade** — importante no estudo da percepción de factores estruturais e de organización.
- d) **Solidariedade** — proporciona oportunidades para a acción social colectiva.
- e) **Resistencia** — crítica para comprender as barreiras ao cambio social, ambiental e de organización.

LOCAW céntrase nas interaccións complexas entre estes e outros factores, para proporcionar un cadro máis completo das barreiras e facilitadores da sustentabilidade no traballo.



Integrantes

(en orde alfabética)

(*) = Líder de país ou rexión

Amparo Alonso-Betanzos (UDC, España)

Zoltan Bogathy (UVT, Romania)

Verónica Bolón Canedo(UDC, España)

Marino Bonaiuto (CIRPA, Italia)

Mirilia Bonnes (CIRPA, Italia) (*)

Giuseppe Carrus (CIRPA, Italia)

Tony Craig (MLURI, Reino Unido)

Adina Dumitru (UVT, Romania)

Eva Mª Espiñeira Bellón(UDC, España)

Óscar Fontenla Romero (UDC, Spain)

Ferdinando Fornara (CIRPA, Italia)

Amelia Fraga Mosquera(UDC, España)

Ricardo García-Mira (UDC, España) (*)

Alin Gavreliuc (UVT, Romania)

Nick Gotts (MLURI, Reino Unido) (*)

Corina Iljin (UVT, Romania) (*)

Tommy Jensen (UmU, Suecia)

Jesús M. Muñoz-Cantero (UDC, España)

Gary Polhil (MLURI, Reino Unido)

Nora Räthzel (UmU, Suecia) (*)

Noelia Sánchez Maroño (UDC, Spain)

Florin Alin Sava (UVT, Romania)

Linda Steg (RUG, Holanda) (*)

David Uzzell (UniS, Reino Unido) (*)

Pedro Vega-Marcote (UDC, España)